

TÁBOA REVINDICATIVA

SECCIÓN SINDICAL DE CNT NO SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS (SPDCIF) DA XUNTA DE GALICIA



AUMENTO DOS PERIODOS DE CONTRATACIÓN DO PERSOAL FIXO DESCONTINUO

Actualmente, tras a modificación de xornada do persoal fixo discontinuo de 9 meses, que voluntariamente puido ampliar o período do actividade aos 12 meses, pódese dicir que a totalidade do persoal fixo discontinuo está contratado por períodos de actividade de seis meses, con todos os problemas que iso supón. Para CNT é unha prioridade aumentar o tempo de traballo do persoal persoal fixo discontinuo de 6 meses. Acadar isto suporía unha solución a unha das diferencias máis gravosas que se dan dentro do servizo, pero tamén porque resulta necesaria para conseguir un servizo de calidade.

DENUNCIA DAS DEFICIENCIAS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Debe denunciarse de maneira continua e periódica o incumprimento da prevención de riscos, centrándonos en tres aspectos fundamentais: o estado das bases e os útiles de traballo; os EPIs e os procedementos de traballo; e a carga de traballo. Neste sentido desde CNTponse en marcha unha iniciativa de recompilación de información relativa á prevención de riscos mediante un formulario situado en cnt.gal aberto a todo o persoal do SPDCIF.

DEMANDA DE CATEGORÍA PARA OS GRUPOS V/E

Actualmente aínda hai persoal do SPDCIF encadrado no grupo profesional E/V. Segundo a nosa interpretación, o persoal non pode estar no nivel E/V, en canto que este debe considerarse como un grupo a desaparecer e non podería encadrarse máis persoal nesta categoría. Desde CNT entendemos que se debe acometer unha reclasificación profesional e solicitar as diferencias salariais deixadas de percibir durante as doce mensualidades anteriores.

RECLAMACIÓN DO DEREITO AO INGRESO NA SITUACIÓN DE SEGUNDA ACTIVIDADE

O establecemento dunha regulación específica da segunda actividade no servizo de bombeiros forestais foi desde sempre un obxectivo fundamental, pois é a mellor forma de garantir tanto o desenvolvemento das funcións profesionais do persoal con absolutas garantías da súa integridade física como de garantir a permanencia no servizo e a garantía de levar a cabo unhas funcións propias do servizo respectando a dignidade do traballador e respectando as súas condicións psicofísicas en todo momento.

En moitas ocasións este é un dereito recoñecido, pero non se chega a desenvolver e na práctica os traballadores non o poden exercer, ou non se contemplan todos os casos de ingreso que se deberían. Este é o caso do SPDCIF, posto que no acordo de segunda actividade de xaneiro de 2017 so se contempla o ingreso na segunda actividade por razón de idade, ao cumprir os 60 anos, pero non se contempla a posibilidade de acceder por diminución das capacidades psicofísicas.

A segunda actividade por razóns de idade é necesaria, e debería quedar regulada como opcional e voluntaria con postos adaptados dentro dos grupos, pero tamén debe garantirse o acceso á segunda actividade por cuestións médicas, temporais ou patolóxicas, e deberá terse a opción de acceder aos mesmos postos dentro do grupo sempre e cando o tribunal médico non poña impedimento e non exista incompatibilidade coas funcións a desenvolver.

É dicir, deberá existir unha única relación de postos de traballo para a segunda actividade, e a asignación do persoal que precise acceder á mesma deberá quedar en mans dun tribunal médico especializado, resolvéndose coa simple entrega dun recoñecemento médico para o caso de idade, ou do correspondente informe do tribunal médico no caso de enfermidade. O bombeiro que ve como diminúen as súas capacidades psicofísicas terá dereito a permanecer no seu grupo, realizando actividades compatibles coa súa situación psicofísica, e que se adapte o posto sen que sexa desbotado, a non ser que un informe médico o desaconselle, ou o funcionario renuncie a este dereito e prefira un posto fóra do servizo, ou fóra das labores operativas.

REPOSICIÓN DO ARTIGO 19 DO V CONVENIO COLECTIVO

En marzo de 2012 suspendeuse a aplicación de varios artigos co Convenio Colectivo. Co paso do tempo foron volvéndose a poñer en vigor agás a suspensión do artigo 19, e así non se compensa o traballo realizado en domingos e festivos. Na actualidade os motivos que deron lugar á suspensión destes artigos, que se fundamentaban na pretendida situación de déficit orzamentario daquela época, xa non existe, e por iso, do mesmo xeito que volven estar activos o resto de artigos suspendidos, tamén debe volver poñerse en vigor o artigo 19. Para o persoal funcionario debe garantirse unha remuneración equivalente a través do complemento específico, que non inclúe o pagamento destas variables porque as prazas funcionariais créanse todas despois da suspensión do pagamento de domingos e festivos, aínda que resulta complexo sabelo porque as fichas de valoración de postos da Xunta de Galicia non están accesibles.



ELABORACIÓN DUN PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE

Desde a CNT revindícase a implantación dun plan de Formación axeitado ás especificidades do posto e do servizo.

A formación impartirase obrigatoriamente durante o horario laboral. As horas lectivas de cursos contemplados como obrigatorios serán considerados como xornada efectiva independentemente do horario de realización. En caso de ofertar a entidade cursos de asistencia voluntaria por parte do traballador/a, ou sendo este último quen propón a participación nalguna acción formativa, de mutuo acordo, as partes fixarán as condicións de realización e no seu caso a compensación correspondente.

Todo o persoal, cunha antigüidade superior ao ano, terá dereito a 200 horas anuais de formación vinculada ao posto de traballo e dentro da súa xornada laboral. Estas horas terán a consideración de tempo efectivo de traballo e poderanse acumular, a solicitude do traballador/a, en períodos de ata dez anos.

RECLAMACIÓN DO ENCADRAMENTO NO CNAE 84.25 E APLICACIÓN DAS COTIZACIÓNS EXTRAORDINARIAS E DOS COEFICIENTES REDUCTORES

O Código Nacional de Actividades Económicas con número 84.25, conforme ao Real Decreto 475/2007, de 13 de abril, polo que se aproba a clasificación nacional de actividades económicas 2009, corresponde a todas aquelas tarefas vinculadas á protección civil. A estes efectos, **debemos entender por “protección civil” todas aquelas actividades da política de seguridade pública que protexen ás persoas e bens, garantindo unha resposta adecuada ante os distintos tipos de emerxencias e catástrofes** (art. 1 Lei 17/2017, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil). Estas funcións son acordes ás establecidas nos distintos Plans de Emerxencias de Galicia, e en particular polo SPDCIF.

O recoñecemento dese carácter implica realizar as cotizacións correspondentes segundo as normas específicas que para este grupo se establecen a estes efectos, entre eles os os coeficientes reductores a efectos de acceso á xubilación anticipada.

Así este grupo de cotización ten recoñecidos, entre outros: **O dereito a unha xubilación anticipada e unha cotización adicional**

DEMANDA DOS DESPEDIMENTOS DO PERSOAL INDEFINIDO COMO CONSECUENCIA DA RESOLUCIÓN DOS CONCURSOS DE TRASLADOS E OS PROCESOS DE CONSOLIDACIÓN E ESTABILIZACIÓN E RECLAMACIÓN DE INDEMNIZACIÓNS

Neste momento están convocados varios procesos de estabilización e consolidación e un concurso de traslados, que afectan a unha parte importante do persoal temporal, que terá que deixar o seu posto de traballo como consecuencia da resolución destes procesos. O que se vai prantexar non implica un cuestionamento do dereito do persoal a conseguir unha praza con carácter fixo ou a estabilizarse, nin o dereito do persoal funcionario a participar nun concurso de traslados, senón que se cuestionan as consecuencias ilícitas que a resolución destes procesos vai supoñer para o persoal temporal.

Desde a CNT deben iniciarse canto antes os procesos de indefinición do persoal que aínda non o demandara.

Informamos e recomendamos a todo o persoal temporal que sexa cesado que reclame vía xudicial as indemnizacións, tanto a que corresponde polo cese, así como a derivada do abuso de temporalidade sufrido durante anos que xa se ven reclamando desde o sindicato nos ceses que se están producindo.

Esta indemnización por abuso de temporalidade reclamase tamén aínda que o cese sexa por tomar posesión doutra praza, xa que se entende que a súa natureza é compensatoria polos anos de abuso traballados.

SECCIÓN SINDICAL DE CNT NO SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS (SPDCIF) DA XUNTA DE GALICIA



Contacto: sindical@cnt.gal
www.cnt.gal/spdcif/

